

**4 ANOS**  
**A POLA TERCEIRA SEMANA!**

**DADO QUE ESTA SEMANA REMATA NUN NOVO MES, APROVEITO PARA LEMBRARVOS AS **RUTINAS** E, ENGADIR O CALENDARIO CORRESPONDENTE.**

- 1- CANTAMOS A CANCION *BOS DIAS* (EN GALEGO, EN CASTELAN E, EN INGLES)**
- 2- QUE DIA E HOXE? MARCAMOLO NO CALENDARIO E, DICIMOS A DATA COMPLETA**

**MAIO / MAYO / MAY 2020**

<b>LUNS</b> <b>LUNES</b> <b>MONDAY</b>	<b>MARTES</b> <b>MARTES</b> <b>TUESDAY</b>	<b>MERCORES</b> <b>MIERCOLES</b> <b>WEDNESDAY</b>	<b>XOVES</b> <b>JUEVES</b> <b>THURSDAY</b>	<b>VENRES</b> <b>VIERNES</b> <b>FRIDAY</b>	<b>SABADO</b> <b>SABADO</b> <b>SATURDAY</b>	<b>DOMINGO</b> <b>DOMINGO</b> <b>SUNDAY</b>
				<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>
<b>4</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>
<b>11</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>17</b>
<b>18</b>	<b>19</b>	<b>20</b>	<b>21</b>	<b>22</b>	<b>23</b>	<b>24</b>
<b>25</b>	<b>26</b>	<b>27</b>	<b>28</b>	<b>29</b>	<b>30</b>	<b>31</b>

- 3- EN QUE ESTACION ESTAMOS? (EN GALEGO, EN CASTELAN E, EN INGLES)
- 4- QUE TEMPO FAI HOXE?: MIRAMOS POLA VENTA
- 5- CANTAMOS A CANCION *OS DIAS DA SEMANA* (EN GALEGO, EN CASTELAN E, EN INGLES)
- 6- XOGO DAS LETRAS: ESCRIBIMOS CADA UNHA DAS LETRAS DO DIA NO QUE ESTAMOS E, CON CADA UNHA PROCURAMOS PALABRAS DUN TEMA CONCRETO
- 7- XOGOS DAS EMOCIONS: COMO ME SINTO HOXE? E POR QUE SEI QUE ME SINTO ASI? COMO CRES QUE SE SENTE A TUA FAMILIA? POR QUE?

## LUNS, 27 DE ABRIL

### 1º RUTINAS

### 2º A *CEBRA CAMILA*

HOXE TRABALLAMOS CO CONTO NOMEADO A *CEBRA CAMILA* DA EDITORIAL KALANDRAKA, ESCRITO POR MARISA NUÑEZ E ILUSTRADO POR OSCAR VILLAN ASI QUE... “OS OLLOS BEN ABERTOS, AS ORELLAS BEN ABERTAS E A BOCA BEN PECHADIÑA”.

FACILITOVOS O **ENLACE**:

[http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=12&video=Loli%20Blanco%20-%20La%20cebra%20Camila#PD\\_Loli%20Blanco%20-%20La%20cebra%20Camila](http://kalandraka.tv/gl/seccion2.php?id=33&pagina=12&video=Loli%20Blanco%20-%20La%20cebra%20Camila#PD_Loli%20Blanco%20-%20La%20cebra%20Camila)

**E, AGORA UNHAS PREGUNTAS:**

- **POR QUE COMEZOU A CHORAR A CEBRA CAMILA?**
- **QUE ANIMAIS APARECEN? QUEN TOCA O VIOLIN?**
- **QUE PASOU CANDO A CEBRA CAMILA CHEGOU A SUA CASA?**

**ADEMAIS, INVITOVOS A DEBUXAR A CEBRA CAMILA NUN FOLIO E AS COUSAS QUE LLE FORON DANDO PARA VOLVER A DEBUXAR AS SUAS RAIAS NOUTRO. DESPOIS, ANIMOVOS A RECORTAR CADA COUSIÑA E A PEGALA SOBRE O CORPO DA CEBRA CAMILA NO LUGAR CORRESPONDENTE. SE PODEDES FACELO POR ORDE E IR RECORDANDO QUEN LLO DEU MOITO MELLOR. SEGURO QUE O CONSEGUIDES!**

**MARTES, 28 DE ABRIL**

**1º RUTINAS**

**2º O XOGO DOS NUMEROS (METODO ABN – JAIME MARTINEZ MONTERO)  
A CEBRA CAMILA CHOROU 7 BAGOAS!**

**ASI QUE, INVITOVOS A FACER ESTE XOGO DE NUMEROS QUE LLES ENCANTA (NESTE CASO, EMPREGANDO NUMEROS DO 1 AO 7). ANIMOVOS A FACELO CON VARIOS!**

**EXEMPLO: 3**

- **DEBUXAMOS CADA NUMERO NUN TAPON (OU NO QUE QUEIRADES) E PROCURAMOS ONDE ESTA O NUMERO 3, NESTE CASO / DEBUXAMOS O TRAZO (CON LAPIS, CON BOLIÑAS DE PAPEL...)**



- **PENSAMOS COMO E A ESCRITA (EN MAIUSCULAS) E, NOMEAMOS E ESCRIBIMOS AS LETRAS**


**TRES**

TE, ERRE, E, ESE


**UN**

**SETE**

- XUNTAMOS 3 OBXECTOS: DEPRESORES, TAPONS, GOMETS, DEDOS DA MAN...



- VEMOS SE 3 É MAIS GRANDE OU MAIS PEQUENO QUE OUTRO N°, POR EXEMPLO O 5




3



MAIOR QUE

MENOR QUE



5

- **ORDENAMOS OS NUMEROS**

**1, 2, 3, 4, 5, 6, 7**

**7, 6, 5, 4, 3, 2, 1**

**ADEMAIS, PROPOÑO OUTRO XOGO:**

- **DEBUXAR ESTE MODELO NUN FOLIO, NO CHAN... ONDE QUEIRADES!**

<b>1</b>	<b>3</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>2</b>
<b>4</b>	<b>7</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>3</b>
<b>5</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>7</b>

- **LANZAR UN TAPON DUNHA BOTELLA OU CALQUERA OUTRO OBXECTO PARA VER EN QUE NUMERO CAE E, CONTESTAR A PREGUNTA CORRESPONDENTE**

**Nº 1 - QUE ANIMAL E MAIS ALTO?**



**PARRULO – SERPE – LAMPREA**

**Nº 2 - QUE ANIMAL E MAIS GRANDE?**



**NECORA – OSO – LOBO**

**Nº 3 - QUE ANIMAL TEN MENOS PATAS?**



**GALIÑA – GATO – CAN DE PALLEIRO**

**Nº 4 - QUE ANIMAL TEN PETEIRO?**



**AGUIA – TEIXUGO – SALAMANDRA**

**Nº 5 - QUE ANIMAL NACE DUN OVO?**



**RATO – MERLO – BURRO**

**Nº 6 - QUE ANIMAL NON TEN PLUMAS?**



**ARROAZ – BUBELA – MOUCHO**

**Nº 7 - QUE ANIMAL COME SO CARNE?**



**GOLPE – LEBRE – VACA**

- **PARA RESPONDER A ALGUNHAS PREGUNTAS, ACONSELLOVOS APOIARVOS EN IMAXES PARA QUE RESULTE MAIS SINXELO**

## **MERCORES, 29 DE ABRIL**

### **1º RUTINAS**

### **2º TRABALINGUAS**

**A CONTINUACION, DEIXO UNHA ACTIVIDADE QUE PROPOÑEMOS A NIVEL DE CICLO.**

**PARA DESCUBRIR EN QUE CONSISTE SO TEDES QUE PREMER NO DOCUMENTO EXTRAIDO DE WWW.BOSQUEDEFANTASIAS.COM ONDE VOLO EXPLICA.**

## **XOVES, 30 DE ABRIL**

### **1º RUTINAS**

### **2º EMOCIONS**

**TENDO EN CONTA QUE A CEBRA CAMILA ESTA TRISTE... IMOS APROVEITAR PARA TRABALLAR AS EMOCIONS!**


**O PRIMEIRO QUE VOS PROPOÑO E O SEGUINTE.**

**- ELIXIR 6 EMOCIONS**

**EXEMPLO: TRISTEZA, ALEGRIA, SORPRESA, ASCO, MEDO, IRA**



- **COPIAR ESTE MODELO PARA FACER UN DADO (DEIXANDO UNHAS SOLAPAS POLOS LADOS PARA PODER PEGAR AS CARAS ENTRE SI E DOBLANDO POLAS LIÑAS MARCADAS EN LARANXA)**



- **DEBUXAR OU ESCRIBIR EN CADA CARA DO DADO UNHA EMOCION DAS 6 ELIXIDAS**
- **RECORTAR E PEGAR O DADO**

**FEITO ISTO:**

- **LANZAR O DADO E, IMITAR A EXPRESION DA EMOCION CORRESPONDENTE DIANTE DUN ESPELLO**

**POR ULTIMO, COMO CREDES QUE VOS SINTIRIADES SE ESTIVERADES NO LUGAR...**

- **DA CEBRA CAMILA?**
- **DA ARAÑA?**
- **DE MAMA CEBRA?**

**FINALMENTE, ADXUNTO O **ENLACE** DA BIBLIOTECA PARA QUE SIGADES INVESTIGANDO:**  
<http://lectorinvaladouro.blogspot.com>

**LEMBRADE QUE PODEDES ENVIARME IMAXES DAS VOSAS CREACIONS. AGARDO AS VOSAS MENSAXES!**